

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 21 de marzo de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Angel Rivas González.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. M^a Jesús Lago Rey
D^a. Ana Laura Iglesias González

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día vinte e un de marzo de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e a interventora xeral acctal., Sra. Henández Vidal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(266).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

**2(267).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 15/16
“AMORTIZACIÓN EXTRAORDINARIA DE DÉBEDA CON CARGO AO
SUPERÁVIT. EXPTE. 35/142.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16/03/2016, dáse conta do informe-proposta do concelleiro de Orzamentos e Facenda de data 14/03/16, que di o seguinte:

Modificación orzamentaria nun: (15/2016)

Tipificación da modificación: Suplemento de Créditos

Expediente: 35/142

Contía do suplemento de crédito: 7.202.182,04 euros

Finalidade: Amortización anticipada e extraordinaria dos préstamos dos préstamos concertados nos anos 2008, 2009 e 2010 co BBVA e Caixanova, actualmente ABANCA.

Contía da amortización extraordinaria: 7.202.182,04 euros

Entidades financeiras:

Capital vivo BCL-BBVA: 4.462.077,30 euros

Amortización extraordinaria do préstamo do ano 2008 (BCL): 3.108.051,54 euros

Amortización ordinaria do préstamo do ano 2008 (BCL): 1.554.025,76 euros

Capital vivo Caixanova-ABANCA: 2.421.774,51 euros

Amortización extraordinaria do préstamo do ano 2009 (ABANCA): 1.816.330,88 euros

Amortización ordinaria do préstamo do ano 2009: 605.443,63 euros

Capital vivo BBVA: 2.847.249,52 euros

Amortización extraordinaria do préstamo do ano 2010 (BBVA): 2.277.799,62 euros

Amortización ordinaria do préstamo do ano 2008 (BBVA): 569.449,90 euros

Contía da amortización extraordinaria: 7.202.182,04 euros

Importe do suplemento de crédito-amortización extraordinaria: 7.202.182,04 euros

Contía da amortización ordinaria 2.728.919,29 euros

Contía total da amortización da débeda financeira no ano 2016: 9.931.101,33 euros

Órgano: Pleno da Corporación

Expediente que se tramita

En execución do Decreto do Sr. Alcalde-Presidente de 15 de marzo de 2016, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (15/2016), que está conformado da seguinte documentación xustificativa: Resolución da Alcaldía Presidencia, na que se xustifica a inaplazabilidade do gasto por supor o acordo un aforro moi importante con cargo ao orzamento municipal. Forma parte do expediente, o cadro identificativo da débeda e o plan de amortización 2014-2020, que co expediente que se tramita quedaría cancelada na súa totalidade.

Recurso financeiro da modificación de créditos

A modificación orzamentaria financiarase con cargo ao superávit orzamentario que forma parte do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais obtido na Liquidación Orzamentaria do último exercicio liquidado, isto é, o exercicio do 2015.

De acordo coa documentación que figura no expediente, o Remanente de Tesourería para gastos xerais obtido da Liquidación do ano 2015, 73.908.091,14 euros.

Con cargo ao mesmo, tramitouse a modificación orzamentaria nº 2/2016, de incorporación de remanentes, por unha contía de 7.381.057,88 euros, dos que 3.242.896,92 euros, foron financiados con remanente líquido de tesourería para gastos xerais e o resto con excesos de financiamento afectado. O Remanente dispoñible é 70.665.194,22 euros.

A proposta para o financiamento da modificación de créditos 15/2016, por unha contía de 7.202.182,04 euros, deixaría a contía do mesmo en 63.463.012,18 euros.

En canto ao superávit da Entidade Local, a contía do mesmo é de 22.330.677,23 euros e o consolidado, segundo o informe do Sr. Interventor Xeral asinado electronicamente o 22/02/2016, de 24.303.914,56 euros.

As obrigas que xera esta modificación orzamentaria pola amortización da débeda, non computa aos efectos de Estabilidade Orzamentaria (SEC95, SEC2010), nin na Regra de Gasto nin no obxectivo de estabilidade orzamentaria, xa que as obrigas que xera teñen a cualificación de financeiras.

En aplicación da cláusula SÉPTIMA do contrato asinado, o Concello deberá comunicar a Entidade financeira a amortización anticipada cunha antelación mínima dun mes a data que se pretende facela a devolución extraordinaria do préstamo, debendo coincidir coa finalización dun período de xuros. Polo que aos efectos de liquidación de períodos enteiros, a amortización farase a data 30 de setembro, xa que tendo en conta os períodos de tramitación, aprobación, exposición ao público, e si houberse algunha reclamación, nova aprobación, parece aconsellable establecer unha data que garanta a tramitación con total garantía.

Aforros nos orzamentos futuros

A contía que por amortización anticipada dos pasivos non terán que imputarse ao orzamento con destino ao servizo de débeda é a seguinte:

Ide. Débeda	2017		2018		2019		2020	
	Amortización	Xuros	Amortización	Xuros	Amortización	Xuros	Amortización	Xuros
Pt. BCL2008	1.554.025,76	32.635,00	1.554.025,78					
Caixanova 09	605.443,63	25.429,00	605.443,63	18.950,00	605.443,62			
Pt. BBVA 10	569.449,90	60.362,00	569.449,90	45.271,00	569.449,90	30.181,00	569.449,88	15.105,00
Total	2.728.919,29	118.426,00	2.728.919,31	64.221,00	1.174.893,52	30.181,00	569.449,88	15.105,00

A vista da documentación, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formúlase ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

Proposta

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 15/2016, Suplemento de crédito, por unha contía de 7.202.182,04 euros, para financiar a amortización extraordinaria de préstamos formalizados coas seguintes Entidades financeiras:

a) Capital vivo BCL -BBVA:

4.462.077,30 euros

Amortización extraordinaria do préstamo do ano 2008 (BCL): 3.108.051,54 euros

Amortización ordinaria do préstamo do ano 2008 (BCL): 1.554.025,76 euros

b) Capital vivo Caixanova-ABANCA: 2.421.774,51 euros

Amortización extraordinaria do préstamo do ano 2009 (ABANCA): 1.816.330,88 euros

Amortización ordinaria do préstamo do ano 2009: 605.443,63 euros

c) Capital vivo BBVA: 2.847.249,52 euros

Amortización extraordinaria do préstamo do ano 2010 (BBVA): 2.277.799,62 euros

Amortización ordinaria do préstamo do ano 2008 (BBVA): 569.449,90 euros

Contía da amortización extraordinaria: 7.202.182,04 euros

Importe do suplemento de crédito-amortización extraordinaria: 7.202.182,04 euros

Contía da amortización ordinaria 2.728.919,29 euros

En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLRFL, os orixes e aplicacións de fondos que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

Recursos, orixes				Empregos, aplicacións			
Apli/ concepto	Antes da mof.	Baixa	Final	Aplicacións	Inicial	Suplemento	Final
87000	70.665.194,22	-7.202.182,04	63.463.012,18	0110.9130000	605.443,63	1.816.330,88	2.421.774,51
				0110.9130100	569.449,90	2.277.799,62	2.847.249,52
				0110.9131400	1.554.025,76	3.108.051,54	4.662.077,30
Total	70.665.194,22	-7.202.182,04	63.463.012,18		2.728.919,29	7.202.182,04	9.931.101,33

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; sempre polos suxeitos que teñan lexitimación activa e polos supostos taxados no artigo 170 do TRLRFL, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse denegadas en calquera caso se non se resollen no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

CUARTO.- Aprobado definitivamente a modificación de créditos, procederase a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

QUINTO.- De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

SEXTO.- Da concesión do suplemento de crédito definitivamente aprobada, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.

SÉTIMO.- Contra a aprobación definitiva da concesión do suplemento de crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por si só a aplicación do suplemento de crédito.

OITAVO.- Unha vez que a modificación sexa executiva, procederase á cancelación das operacións, facendo coincidir as mesmas cun período enteiro de liquidación, dentro da data prevista do 30 de setembro.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente acordo.

**3(268).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 16/16
“NECESIDADES DE INVESTIMENTO EN RELACIÓN Á APLICACIÓN DO
SUPERÁVIT CORRESPONDENTE Á LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO
2015”. EXPTE. 3814/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18/03/2016, dáse conta do informe-proposta do concelleiro de Orzamentos e Facenda de data 17/03/16, que di o seguinte:

“Expediente: 3814/440

Modificación orzamentaria num. (16/2016), Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito

Destino: Investimentos non xeradores de gasto, artigo artigo 32 e DA Sexta da LOEOeSF.

Financiamento: Superávit orzamentario, Liquidación ano 2015, co límite do Remanente de Tesourería para gastos xerais.

Cualificación da Modificación orzamentaria:

Crédito Extraordinario: 5.000.000,00, humanización de rúas

Suplemento de crédito: 2.100.000,00 euros, Grada de Río do E. Municipal de Balaidos

Contía da modificación: 7.100.000,00 euros.

Órgano competente: Pleno da Corporación, previo acordo Xunta Goberno Local e Comisión Informativa.

Antecedentes

A Disposición Adicional décimo sexta introducida pola Disposición Final primeira do R.D.-lei 2/2014, de 21 de febreiro ao Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL), ven a delimitar os requisitos que debe ter o Investimento financieramente sustentable.

A Disposición adicional octoxésima segunda da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, regula o destino do superávit das entidades locais correspondente á Liquidación dos orzamentos do ano 2015, prorrogándose para o ano 2016 a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012.

Expediente que se tramita

En execución do Decreto do Sr. Alcalde-Presidente de data 16 de marzo de 2015, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (16/2016), que está conformado da seguinte documentación: Memoria xustificativa da Área de Fomento asinado o 15/03/2016, informe acreditativo que os investimentos son sustentables financieramente e por tanto non poñen en perigo a estabilidade orzamentaria nin a curto nin a longo prazo, relación de Proxectos e Investimentos que son obxecto da modificación orzamentaria, informe da necesidade de que os investimentos se executen no exercicio e que non se demoren ao seguinte e Resolución de incoación do expediente da data indicada.

En canto ao cumprimento dos requisitos para a utilización do superávit do SEC 95, SEC2010 correspondente a Liquidación consolidada do ano 2015, así como os destinos do mesmo, estarase ao informe que emita o Sr. Interventor Xeral.

O Concello de Vigo ten que cumprir todos e cada un dos requisitos esixidos pola modificación que incorporou a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, á DA sexta da Lei Orgánica 2/2012, é dicir, que a Conta 413 do PGCP adaptado a entidade local non teña contías pendentes de aplicar ao orzamento, así como non ter préstamos concertados para facer fronte ao financiamento de pago a provedores FFPP. Nese caso, o destino do superávit, sempre dando cumprimento ao obxectivo de estabilidade orzamentaria previsto para a Liquidación do Orzamento do ano 2016, pódese destinar a facer fronte a novos investimentos non xeradores de gasto. Polo tanto, de acordo aos informes que figuran no expediente, estes empregos, non van a por en perigo a estabilidade orzamentaria nin a sustentabilidade financeira nin a curto nin a longo prazo.

Dáse cumprimento a todos os requisitos esixidos pola DA decimosexta do TRLRFL, tanto en relación co endebedamento, Remanente de Tesourería, Período medio de pago, Estabilidade orzamentaria e Regra de gasto. Así mesmo, coa execución dos proxectos financiados co superávit, tamén se dá cumprimento ao obxectivo de Estabilidade Orzamentaria na Liquidación prevista do ano 2016 e seguintes.

En relación co anterior, achégase ao expediente memoria da proxección dos gastos e ingresos ao peche do ano 2016, que permite a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto para o período 2016-2019.

Achégase igualmente a situación do endebedamento, que segundo a tramitación do expediente 35/142, modificación orzamentaria 15/2016, cancelárase a totalidade da débeda, de tal xeito que na memoria de proxección dos gastos e ingresos xa non figura o endebedamento a 31/12/2016. Incorporase a situación da débeda financeira e coeficiente de endebedamento ao peche do ano 2015.

Achégase o estado de Remanente de Tesourería así como o seguimento do Remanente de Tesourería para gastos xerais dispoñible.

A vista da documentación, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formulase ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

Proposta

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 16/2016 por unha contía de 7.100.000,00 euros, para facer fronte aos investimentos que mais abaixo se relacionan e que teñen por finalidade dar aplicación a unha parte do superávit orzamentario obtido da Liquidación dos estados consolidados correspondentes ao ano 2015.

A modificación orzamentaria nº 16/2016 incorporada ao expediente 3814/440, confórmase dun Crédito Extraordinario por unha contía de 5.000.000,00 de euros e un Suplemento de crédito por unha contía de 2.100.000,00 euros.

A xustificación da súa tramitación está motivada na memoria e no Decreto do Sr. Alcalde-Presidente de data 16 de marzo de 2016

A modificación orzamentaria financiarase con cargo ao superávit SEC-95, co límite do Remanente Líquido de Tesourería, cuxo informe de seguimento figura no expediente .

As orixes e aplicación de fondos (recursos e empregos) que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

Empregos				Recursos		
Aplicación	Proxecto	Concepto	Importe	Partida	Concepto	Importe
1532.6190080	16153280	H. Beir.Castelao (entre Redondela e Porriño)	250.000	87000	Rem.TX	7.100.000
1532.6190081	16153281	Humanización Estornino	1.150.000			
1532.6190082	16153282	H. Camelias (entre R. Marañon e J.R.Jimenez)	1.000.000			
1532.6190083	16153283	Humanización, R, Alvaro Cunqueiro	1.250.000			
1532.6190084	16153284	H.Vía Norte (entre T.Vigo e E.G.Fernández)	1.350.000			
9330.6320010	14933010	Grada de Río no Estadio M. de Balaidos	2.100.000			
Total			7.100.000			7.100.000

Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

Unha vez co crédito sexa executivo, procederase a tramitar o expediente de acordo á relación que conforma a aplicación dos recursos. No entanto o anterior, en aplicación do previsto no artigo 110 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro e Base 29ª das de Execución do Orzamento, unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria nº 16/2016, poderán iniciarse a tramitación dos expedientes como anticipados de gastos.

Contra a aprobación definitiva da concesión do crédito extraordinario e do suplemento de crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do crédito extraordinario.

Conforme á Base 8ª das de Execución do Orzamento municipal vixente, os compromisos de crédito deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente acordo.

4(269).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA NORMATIVA REGULADORA DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO Á FUNDACIÓN MARCO. EXPTE. 1444/341.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29/02/16 e os informes de fiscalización do 18 e do 21/03/2016, dáse conta do informe-proposta do 25/01/16 e da proposta do 04/03/2016, ambos asinados polo xefe de Museos municipais e conformados polo xefe do servizo de Promoción e Xestión Cultural, polo concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que pola súa orde a seguir se transcriben:

Informe-proposta do 25/01/2016:

ANTECEDENTES.-

Resolución de inicio do expediente.-

Con data 19 de xaneiro de 2016, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Cayetano Rodríguez Escudero, resolveu que polo Servizo de Museos Municipais se inicie o expediente de subvención do Concello de Vigo á Fundación MARCO para financiar o seu programa xeral de actividades e funcionamento durante o ano 2016.

Solicitud de subvención da Fundación Marco.-

Con data 13 de xaneiro de 2016 presentárase, no Rexistro Xeral do Concello, o escrito asinado pola dirección da Fundación MARCO, no que se solicita ao Concello de Vigo unha achega de 605.000 € para o exercicio económico 2016, co obxecto de financiar o seu programa xeral de actividades e funcionamento durante ese ano.

Acordos iniciais sobre financiamento da Fundación Marco.-

O pleno do Concello de Vigo do 29 de xullo de 2002 acordara participar na Fundación MARCO como entidade fundadora e achegarlle determinadas contías para financiamento de gastos derivados do seu funcionamento. Tamén acordou o Pleno aprobar os Estatutos da Fundación MARCO que no seu artigo 27 aborda o financiamento dos mesmos e as contías que aportan as catro entidades fundadoras. O apartado 4 do citado artigo 27 establece que a partir do ano 2004 reconsideraranse as achegas destas entidades en función do orzamento anual, debendo cubrir como mínimo o 75% dos gastos correntes orixinados polo funcionamento e as actividades do Museo de Arte Contemporánea de Vigo.

A Fundación está dedicada á realización de actividades culturais de investigación, educación, formación, conservación, exhibición e difusión da arte e da cultura contemporáneas, con particular atención á produción artística da Comunidade Galega, así como a estatal e internacional, mediante a adquisición, a conservación, o estudo, a exposición e interpretación educativa de obras de arte contemporánea, ao tempo que deberá impulsar a estimulación da sensibilidade da sociedade cara á cultura actual.

A Deputación provincial de Pontevedra, entidade cofundadora da Fundación Marco, con data 21 de decembro de 2011 dera por concluídos os compromisos adquiridos con diversas Fundación e Organismos, entre os que se incluía a Fundación Marco, deixando de pertencer como membro dos mesmos e de participar no seu financiamento cunha achega fixa anual, todo iso, sen prexuízo de que puidera colaborar con eles mediante achegas puntuais, segundo o permitan as necesidades económicas.

Novacaixagalicia (antes Caixanova, entidade cofundadora da Fundación Marco) comunicou á Fundación Marco, en escrito do 31 de xaneiro de 2012 a súa renuncia á posibilidade de seguir colaborando coa Fundación e rescindo o compromiso asumido, eximindo "á Caixa" da necesidade de realizar unha achega económica correspondente á súa cota patronal.

DOCUMENTACIÓN.-

A Fundación MARCO ten achegado a seguinte documentación para subvención nominativa de actividades e funcionamento 2016 do Museo de Arte Contemporánea de Vigo:

- *Solicitud de subvención do Concello de Vigo por importe de 605.000, presentada no Rexistro Xeral do 13 de xaneiro de 2016 xunto coa seguinte documentación:*
 - *Orzamento de ingresos e gastos do exercicio 2016.*
 - *Avance do programa de actividades para o exercicio económico de 2016.*
 - *Táboa co detalle do total mensual de visitantes en 2015.*
 - *Copia da certificación do acordo do Padroado da Fundación Marco sobre achegas das entidades patrocinadoras e orzamento do exercicio 2016, así como a aprobación de actividades para o exercicio 2016, adoptado na sesión realizada o 16 de decembro de 2015.*
 - *Escrito "Forma de pagamento subvención nominativa Concello de Vigo", no que solicitan o pagamento da subvención por anticipado.*

CERTIFICACIÓNS E DECLARACIÓNS.-

- *Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.*

- *Certificación da Consellería de Facenda de estar ao corrente nos pagamentos á Administración Pública da Comunidade Autónoma.*
- *Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas.*
- *Declaración da Fundación MARCO de non estar incurso en causa de prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións de acordo co establecido nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.*

Con data 19 de xaneiro de 2016 a Fundación Marco achega a seguinte documentación complementaria:

- *Copia do escrito de remisión ao Protectorado de Fundacións do programa e orzamento para 2016 (e copia do programa de exposicións).*
- *Certificación do Concello de Vigo de non ter débedas de dereito público na vía de constrinximento, pendente do pagamento, co Concello de Vigo.*

ORZAMENTO 2016.-

Na documentación aportada polo MARCO inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2016, que ascende a un total de 830.048 €. As achegas das entidades fundadoras e integradas no Padroado para o ano 2016 que detallan son as seguintes:

➤ Concello de Vigo	605.000,00 € (72,89%);
➤ Xunta de Galicia	100.000,00 € (12,05%);
➤ Ministerio de Cultura	35.000,00 € (4,22%);
➤ Ingresos Patrocinios	32.500,00 € (3,92%);
➤ Ingresos actividades propias	42.548,00 € (5,13%);
➤ Amigos MARCO	15.000,00 € (1,81%).

A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:

1. Persoal:	306.460,00 € (36,92%);
2. Gastos xerais (e extraordinarios):	305.361,00 € (36,79%);
3. Actividades (expos., didac., etc.):	196.727,00 € (23,70%);
4. Gastos financeiros:	2.500,00 € (0,30%);
5. Outros (Amortizacións):	19.000,00 € (2,29%).

A comparación entre a previsión de presuposto de orzamento de 2016 e a estimación do orzamento de 2015 presenta as seguintes variacións:

INGRESOS**Orzamento 2015****Orzamento 2016****Achegas do Padroado:**

Concello de Vigo	605.000	605.000
Xunta de Galicia	100.000	100.000
Ministerio de Cultura	35.000	35.000
ESOS:	740.000	740.000

Outros ingresos:

Ingresos extraordinarios (Donantes no	43.852	32.500
Ingresos das actividades propias ou	9.500	42.548
Patrocinios		
Remanentes	26.082	
Amigos MARCO	19.307	15.000
	98.741	90.048

TOTAL INGRESOS:	838.741	830.048
------------------------	----------------	----------------

GASTOS**Orzamento 2015****Orzamento 2016**

Persoal	311.349	306.460
Gastos Generales + Extraordinarios	346.272	305.361
Exposiciones	141.808	137.706
Actividades (Didactiva y Amigos sin ser gasto personal)	53.657	59.021
Gastos financeiros	1.500	2.500
Amortizacións	14.000	19.000

TOTAL GASTOS:	868.586	830.048
----------------------	----------------	----------------

VARIACIÓN PORCENTAJES 2016-2015.-

Considerando as porcentaxes de participación das entidades e tipos de achegas, entre a previsión do orzamento total de 2016 e a estimación do orzamento total de 2015 (tomando os datos facilitados polo MARCO no mes de decembro), presenta as seguintes variacións:

INGRESOS.-

	<u>2015</u>	<u>2016</u>	<u>Dif. 2016-2015</u>
➤ Concello de Vigo	70,30%	72,89 %	+2,59%
➤ Xunta de Galicia	11,62%	12,05 %	+0,43%
➤ Ministerio de Cultura	4,07%	4,22 %	+0,15%
➤ Ingresos extraordinarios ou patroc.	6,55%	3,92 %	- 2,63%
➤ Ingresos activs. Propias	5,48%	5,13 %	-0,35
➤ Amigos MARCO	1,98%	1,81%	-0,17%

GASTOS.-

A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:

	<u>2015</u>	<u>2016</u>	<u>Dif. 2016-2015</u>
1. Persoal:	36,70 %	36,92%	+0,22%
2. Gastos xerais (e extraordinarios):	34,87%	36,79%	+1,92%
3. Actividades (expos., didac., etc.):	23,64%	23,70%	+ 0,06%
4. Gastos financeiros e asimilados:	0,58%	0,30%	- 0,28%
5. Amortizacións:	4,21%	2,29%	-1,92%

PAGAMENTOS ANTICIPADOS DA SUBVENCIÓN.-

A Fundación Marco solicita que o Concello de Vigo lle realice os pagamentos da subvención con carácter anticipado, previo á xustificación do gasto, para o que indica un determinado calendario de ingresos anticipados do Concello de Vigo en 2016: á aprobación da achega, antes do 25 de xaneiro de 2016, antes do 25 de maio de 2016 e antes do 25 de setembro de 2016.

Esta opción, de pagamentos anticipados á xustificación dos gastos, está recollida na Lei 7/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia no seu artigo 31.6, parágrafo 2 e nas Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo (base 38.7), que establecen a posibilidade de que polo órgano de goberno competente se poida outorgar subvencións con xustificación diferida ata o límite do 50% do importe concedido; queda condicionada a liquidación desta á presentación e conformidade dos documentos orixinais que xustifiquen a realización da actividade (que no caso do Marco cumpriría extender tamén ao programa do seu funcionamento).

A motivación que xustifica os pagamentos anticipados da subvención outorgada queda detallada no escrito presentado pola Fundación Marco "Forma de pagamento subvención nominativa Concello de Vigo", onde expón o obxectivo de asegurar que os pagamentos aos provedores relacionados coas actividades subvencionadas se realicen dentro dos prazos legalmente establecidos para as Administracións Públicas, tendo en conta da dificultade da Fundación Marco de acceso ao financiamento bancario; ao que hai que engadir a súa consideración na contabilidade nacional como unha unidade institucional pública dependente do Concello de Vigo e por tanto clasificada dentro do Sector das Administracións Públicas.

Co calendario proposto pola Fundación Marco de ingresos da subvención en tres pagamentos anticipados e de presentación das tres liquidacións cos correspondentes documentos xustificativos, nunca habería máis dun 50% do importe concedido pendente de xustificación. Compre sinalar que a data proposta pola Fundación Marco para o primeiro pagamento anticipado "a aprobación da achega, antes do 25 de xaneiro de 2016" non resulta viable debido a que a súa solicitude foi presentada con data 13 de xaneiro e a documentación foi complementada o día 19 de xaneiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A subvención que outorgue o Concello de Vigo á Fundación Marco durante o ano 2015, axustarase ao establecido na seguinte normativa:

- *Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003);*
- *Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007);*
- *Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003;*
- *Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e*
- *restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.*

A concesión da subvención directa á Fundación MARCO de Vigo axústase ao previsto no art. 22.2, apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; polo interese público e social que supón para a cidade de Vigo a actividade da citada Fundación promovida polo propio Concello de Vigo e outras entidades para xestionar o Museo; quedando acreditada a concordancia do seu programa de actividades cos seus fins recollidos nos seus Estatutos e documento de constitución, de tal forma que non é susceptible de concorrencia competitiva.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS.-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á Fundación MARCO, ten como obxecto financiar o programa de actividades e funcionamento do Museo de Arte Contemporánea de Vigo no ano 2016 con cargo ao presuposto do Concello de Vigo para o ano 2016, na partida 3330.489.00.03 "Fundación MARCO" cunha dotación de 605.000 €.

A subvención do Concello de Vigo á Fundación MARCO de Vigo é compatible con outras subvencións, axudas ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN MARCO DE VIGO.

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de acordo.

A documentación presentada pola Fundación MARCO de Vigo, resulta axeitada para acreditar o cumprimento dos seus fins e actividades, polo que, por parte do Servizo de Museos Municipais considérase que se lle debe outorgar a subvención solicitada. É por isto que, coas conformidades do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e do concelleiro-delegado da Área de Cultura, tras os informes xurídico (do Secretario da Administración xeral) e da Intervención Municipal, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

“PRIMEIRO.- Outorgar unha subvención de 605.000,00 € (seiscentos cinco mil euros) á Fundación MARCO, CIF: G36909885, co obxecto de financiar o seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2016, con cargo á partida 3330.489.00.03 “Fundación MARCO”, que figura no orzamento de 2016 do Concello de Vigo.

“SEGUNDO.- A subvención que outorga o Concello de Vigo á FUNDACIÓN MARCO, para funcionamento e actividades do Museo de Arte Contemporánea de Vigo durante o ano 2016, axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003); Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007; Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003; bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

A concesión da subvención directa á Fundación MARCO axústase ao previsto no art. 22.2, apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no presuposto prorrogado de 2014 para o exercicio económico de 2015 do Concello de Vigo, como polo interese público e social que supón para a cidade de Vigo a actividade e funcionamento da citada Fundación promovida polo propio Concello de Vigo e outras entidades; acreditado pola concordancia do programa da Fundación cos fins e actividades recollidos no seu regulamento e cos Estatutos da Fundación MARCO (aprobados polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 29 de xullo de 2002). Nos propios estatutos establécese que o Concello de Vigo, como entidade fundadora forma parte do Padroado e en virtude da súa achega, adquiriu o compromiso estable no desenvolvemento da Fundación; enténdese que a forma de levalo a cabo é contribuír ao sostemento do seu programa e funcionamento; de tal forma que a subvención non sería susceptible de concorrencia competitiva.

“TERCEIRO.- CONDICIÓNS E OBRIGAS DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN MARCO.

Aprobar as condicións de concesión da subvención á Fundación MARCO; segundo establece tanto a Lei Xeral de Subvencións como a Lei de subvencións de Galicia, que indican que a resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables. A Fundación MARCO deberá asumir as condicións e obrigas que se detallan de seguido:

PRIMEIRA.- OBXECTO.

A presente subvención outorgada á FUNDACIÓN MARCO pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, ten como obxecto o financiamento do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao orzamento de 2016.

As liñas xerais do programa da FUNDACIÓN MARCO consistirán, basicamente, no desenvolvemento de exposicións, actividades didácticas, cursos para adultos, conmemoracións, servizos e actividades da biblioteca-centro de documentación, actividades da Agrupación de Amigos do Marco, visitas guiadas e outros servizos, así como calquera outra actividade derivada da finalidade da FUNDACIÓN prevista nos seus estatutos.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto da subvención ascende a 830.048 €. A FUNDACIÓN MARCO financiará o seu programa do seguinte xeito:

- 605.000,00 € (seiscentos cinco mil euros) con cargo ao presuposto do Concello de Vigo, partida 3330.489.00.03 "Fundación MARCO" do presuposto de 2016 do Concello de Vigo; que supoñen o 72,89 % do total do presuposto.
- Xunta de Galicia 100.000,00 € (12,05%)
- Ministerio de Cultura 35.000,00 € (4,22%)
- Ingresos extraordinarios 56.397,00 € (3,92%)
- Ingresos actividades propias ou patroc. 47.174,00 € (5,13%)
- Amigos MARCO 17.000,00 € (1,81%)

TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN MARCO.

1. Cumprir e organizar o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento.
2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola FUNDACIÓN MARCO, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa desta subvención.
4. Colaborar co Concello de Vigo coa participación da Fundación MARCO na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.
5. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co Art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (Art. 17.3 da citada lei).
6. A concesión da subvención á FUNDACIÓN implica a aceptación das súas obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades do MARCO e colaborar na súa viabilidade.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención á FUNDACIÓN MARCO é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a FUNDACIÓN informará sobre o

desenvolvemento das actividades e do funcionamento do Museo de Arte Contemporánea de Vigo.

A Concellería-delegada da Área de Cultura podería determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución de determinados elementos do programa, sempre que non alteren sustancialmente o obxecto da subvención, o funcionamento do centro e os seus programas de actividades; de acordo co previsto no apartado 5 da condición TERCEIRA do presente acordo de concesión da subvención.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados; ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación.

SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

De acordo co establecido no artigo 15.3 da lei 7/2007 de subvencións de Galicia, a FUNDACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu programa de actividades e funcionamento; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería-delegada da Área de Cultura.

A FUNDACIÓN asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ao Museo de Arte Contemporánea, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias ao MARCO (ou á Fundación), aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura.

A FUNDACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. A FUNDACIÓN tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura, Festas e Museos para que os elementos sexan subvencionables.

SÉTIMA.- PAGAMENTOS E XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Vigo xestionará o pagamento á FUNDACIÓN MARCO do importe da subvención outorgada para as actividades e funcionamento no ano 2016 do Museo de Arte Contemporánea de Vigo, de acordo co seguinte calendario de tramitación:

- a) Unha primeira achega con xustificación diferida tralo acordo de concesión da XGL, por importe de 201.666,66 € (33,33% do importe concedido); con presentación dos documentos xustificativos e liquidación deste importe antes do 25 de maio de 2016.*
- b) Unha segunda achega con xustificación diferida antes do 25 de maio de 2015, por importe de 201.666,66 € (33,33% do importe concedido); con presentación dos documentos xustificativos e liquidación deste importe antes do 25 de setembro de 2016*
- c) Unha terceira achega, con xustificación diferida antes do 25 de setembro de 2016, por importe de 201.666,66 € (33,33% do importe concedido); con presentación dos documentos xustificativos e liquidación deste importe e da totalidade da subvención antes do 5 de decembro de 2016.*

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS ANTICIPADOS.-

Para cada unha das achegas anticipadas.-

- a) Solicitude de pagamento anticipado, con xustificación diferida, de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.*
- b) Informe sobre actividades e funcionamento previstos para cada período, así como os gastos e ingresos previstos.*
- c) Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e pagamentos; emitidas pola AEAT, Consellería de Economía e Facenda, Seguridade Social e Concello de Vigo.*

Coa terceira solicitude de pagamento anticipado: *Presentarase a documentación prevista no artigo 31, apartados 3 e 4 dos Estatutos da Fundación MARCO, relativo á liquidación do orzamento ordinario do ano anterior, do balance de situación, conta de resultados, etc.; certificación que acredite que eses documentos son reflexo fiel dos libros de contabilidade; acreditación da presentación destes dous documentos perante dos órganos competentes en materia de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia. Tamén se presentará o informe de auditoría externa previsto no apartado 4, do artigo 31 dos Estatutos, sen prexuízo daquelas outras auditorías ou controles que veñan esixidos pola natureza pública da subvención outorgada.*

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DAS ACHEGAS RECIBIDAS POLA FUNDACIÓN MARCO.-

Para cada unha das achegas e de acordo co calendario de xustificación das achegas anticipadas.-

- a) Informe sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da FUNDACIÓN relativo ao período solicitado.
- b) Relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do MARCO, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- c) Documentos orixinais acreditativos do gasto de acordo co establecido neste acordo de outorgamento e na normativa sobre subvencións.
- d) Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e pagamentos; emitidas pola AEAT, Consellería de Economía e Facenda, Seguridade Social e Concello de Vigo.
- e) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos; dentro do período de xustificación. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas ao MARCO, o Museo achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.
- f) Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Marco.
- g) Acreditación da difusión do carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do programa de actividades e funcionamento; particularmente nos propios centros, páxina web, publicacións, presentacións e difusión de actividades.
- h) A efectos de xustificar as condicións impostas e consecución de obxectivos da subvención outorgada, con cada solicitude de pagamento da subvención, a Fundación Marco presentará ao Concello de Vigo os seus estados contables, de tal forma que: a) a información necesaria para determinar a contía da subvención poida deducirse directamente dos estados financeiros incorporados á información contable de obrigada preparación polo beneficiario; b) a citada información contable fora obxecto de auditoría conforme ao sistema previsto no ordeamento xurídico ao que estea sometido o beneficiario.

Para a liquidación da subvención.-

Para a liquidación da subvención, e cuarta achega de 2016, a FUNDACIÓN presentará a seguinte documentación antes do 2 de decembro de 2016:

- a) Solicitude polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.
- b) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da FUNDACIÓN no exercicio 2016, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:
 - Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
 - Memoria de prensa.
 - Memoria económica e conta xustificativa, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

- *Documentación xustificativa dos gastos efectuados con cargo á mesma, de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*

A xustificación da subvención realizarase no prazo previsto neste acordo de concesión e consonte a normativa vixente; de non xustificarse nos prazos previstos o beneficiario, neste caso a FUNDACIÓN MARCO, perderá o dereito á mesma.

Ademais da conta xustificativa, poderían recabarse as facturas acreditativas do gasto que deberán recoller os datos do emisor, número de CIF, a data, o número, os conceptos e importes desglosados, o IVE. Estes xustificantes quedarían a disposición do Concello de Vigo; non se admitirían facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas computaríase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que a FUNDACIÓN MARCO xustifique que estea exenta de IVE; os xustificantes corresponderían aos gastos vinculados directamente co obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade da entidade beneficiaria que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

A liquidación do pagamento da subvención e das achegas parciais está condicionado á conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, despois dos informes técnicos necesarios.

A entidade beneficiaria da subvención poderá subcontratar con terceiros ata o 75 % das actividades subvencionadas. Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia

A FUNDACIÓN deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería-delegada de Cultura, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán aos ocasionados pola actividade propia da FUNDACIÓN ao longo do exercicio 2016, quedando excluídos os gastos por investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados. Serán subvencionables os gastos financeiros, cando estean directamente

relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables para a súa axeitada preparación; establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata o 1% do importe do convenio. Os gastos de persoal xustificaranse cos contratos de traballo, as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).

COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS E IMPORTE TOTAL.-

Esta subvención á FUNDACIÓN será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

En calquera caso, o importe total das subvencións ou axudas percibidas pola FUNDACIÓN non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 17.3 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

A FUNDACIÓN deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ao fondos recibidos (importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas).

OITAVA.-

Ao tratarse a Fundación MARCO de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Por último a Fundación ten a obriga da de dar cumprimento mesualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do

período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

NOVENA.- INCUMPRIMENTOS.

O incumprimento de obrigas estipuladas neste acordo de concesión por parte da FUNDACIÓN axustarase ao establecido na normativa de aplicación sinalada no acordo de concesión adoptado pola Xunta de Goberno Local, que podería supoñer a cancelación de pagamentos pendentes ou o reintegro dos abonos que xa foran realizados polo CONCELLO, ou mesmo a cancelación do acordo.

DÉCIMA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE DA SUBVENCIÓN.

A subvención terá vixencia ata a data de remate do exercicio económico do ano 2016, de acordo cos prazos de remisión da documentación e informes á Intervención Xeral establecidos para a fiscalización da xustificación.

O presente acordo de subvención non é prorrogable.

DÉCIMA PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación do presente acordo de concesión e o concelleiro-delegado da Área de Cultura queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.”

Proposta á Xunta de Goberno Local do 04/03/2016:

“1. Transferir á Fundación MARCO, CIF: G36909885, un importe de 605.000,00 € (seiscentos cinco mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2016, de acordo co seguinte calendario:

- a) Unha primeira achega tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 201.666,66 € (33,33% do importe concedido).*
- b) Unha segunda achega antes do 25 de maio de 2015, por importe de 201.666,66 € (33,33% do importe concedido).*
- c) Unha terceira achega, antes do 25 de setembro de 2016, por importe de 201.666,66 € (33,33% do importe concedido).*

2. A transferencia de financiamento pode financiarse con cargo á partida 3330.489.00.03 “Fundación MARCO”, que figura no orzamento de 2016 do Concello de Vigo.

3. As condicións da transferencia serían as establecidas no informe-proposta do 25 de xaneiro de 2016, subscrito pola xefatura do Servizo de Museos Municipais, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e os concelleiros-delegados das Áreas de Cultura e de Orzamentos e Facenda.

4. A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase a través dun control financeiro posterior ou auditoría; a determinar pola Intervención Xeral.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta de data 04/03/2016.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me/rs.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.